

**RESOLUCIÓN DE 2 DE NOVEMBRO DE 2022 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE DECLARAN CON CARÁCTER DEFINITIVO OS ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E BAREMACIÓN PROVISIONAL NO PROCEDEMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DE 11 DE ABRIL DE 2022 NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA.**

Mediante a Resolución da Xerència da Área Sanitaria da Coruña e Cee de data 11 de abril de 2022 (DOG n.º 76 do 21 de abril) convocouse procedemento de mobilidade interna voluntaria para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Con data 21 de setembro de 2022 publicouse a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas. Unha vez rematado o prazo de reclamacións establecido na convocatoria, esta Xerencia de Área Sanitaria,

**RESOLVE:**

**Primeiro:** Declarar, con carácter definitivo, os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ó devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna.

**Segundo:** Publicar a listaxe provisional de baremación, que tamén será visible no Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos-Mobilidade voluntaria interna, de cada aspirante.

**Terceiro:** Darlle publicidade tanto a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as como a listaxe provisional de baremación, a través do taboleiro de anuncios do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (Hospital de A Coruña, Xubias de Arriba 84 ) / páxina web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

**Cuarto:** Abrir un prazo para presentar reclamacións contra a resolución provisional de baremación, dende o día seguinte á publicación desta resolución e ata o 23 de novembro de 2022, ambos os días incluídos.

A Coruña, 2 de novembro de 2022

O Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

SERVIZO GALEGO de SAÚDE | Área Sanitaria da Coruña e Cee

**XERENCIA**

Asdo.: Luis Verde Remeseiro